

**<< DECRETO DO 23 DE MAIO DE 2017:**

**D. Xoán Xosé Jardón Pedras, Alcalde do Concello de Vilar de Santos (Ourense),** en base as competencias que atribue á Alcaldía o artigo 21 g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local,

(...)

VISTO o Decreto da Alcaldía de data 31/03/2017 polo que se convoca concurso público para a provisión en réxime de dereito laboral temporal de 1 praza, a 40 horas/semana, de Chofer de tractor con rozadora, con duración ata ó 31/12/2017 e se aproban as correspondentes bases.

VISTA a proposta de resolución da Comisión de Selección formulada con data 8 de maio do 2017,

VISTA a renuncia presentada ó posto por D. Oscar Gómez Taboada, DNI 76.727.445-C.

**RESOLVO:**

1.- Seleccionar, en réxime de dereito laboral temporal, de 1 praza, a 40 horas/semana, de Chofer de tractor con rozadora, con duración ata ó 31/12/2017 a:

RUBEN CABRERA TABOADA	44.486.453-Z
-----------------------	--------------

2.- Formalizar os correspondente contratos laboral de obra ou servizo determinado co seleccionado para o exercicio 2017 (con data tope de remate en 31/12/2017) e dalo de alta no réxime xeral da Seguridade Social con data 24 de maio do 2017.

3.- Aprobar unha listaxe de suplentes (bolsa de traballo) cos restantes aspirantes non seleccionados, de acordo coa orde decrecente de puntuación que acadaron.

4.- Publicar o presente acordo no taboleiro de anuncios do Concello.>>

*Contra este acto, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala de dita xurisdición do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia con sede en A Coruña, ou ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo con sede en Ourense unicamente nos supostos a que fai referencia o artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES desde a publicación (art. 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo). Potestativamente, tamén se poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de UN MES ante o mesmo órgano que ditou esta resolución.*